

PROPOSTAS DE ACTIVIDADES

Asemblea: continuamos traballando os calendarios como todos os días. Hoxe presentamos un novo compañeiro, o seu nome é Bieito e ten 4 anos. Facemos o acróstico co seu nome na seguinte ficha (podédela atopar no outro documento e as familias que non poidan imprimir poden realizar a actividade nun folio ou caderno).



Proxecto “Coñecendo aos animais mariños”: continuamos investigando un pouco máis sobre o “polbo” e para saber máis sobre este animal miramos o seguinte vídeo “Documental el pulpo” (<https://youtu.be/FFVz7MHBqbA>).

Unha vez rematado de ver o vídeo facemos a seguinte ficha onde temos que contestar a tres enquisas: **de que cor é o polbo?** (@s nen@s fan un debuxo dun polbo e o colorean da cor indicada), **que come?** (debuxan os alimentos que come o polbo) e **como se reproduce?** (queremos saber se é un animal ovíparo ou vivíparo, e pódeno representar a través dun debuxo ou escribindo).

Deixo o modelo no outro documento e as familias que non teñen impresora poden copiar a man o modelo nun folio ou caderno.



· DE QUE COR É?

· QUE COME?

· COMO SE REPRODUCE?

Lóxica- matemática: continuamos a traballar os números e hoxe imos relacionar as grafías coas cantidades a través dunha actividade moi fácil. Soamente necesitamos un folio e gomets ou “pegatinas”. No folio debuxamos nove cuadrículas e nelas escribimos os números (do 1 ao 9), despois @s nen@s teñen que pegar tantos gomets como indica ese número (deixo a cuadrícula no outro documento).

As familias que non teñan gomets poden por garavanzos, lentellas, bolas de papel ou calquera outro material á beira de cada número.



Lectoescritura: esta semana estamos a traballar a letra “P”, déixovos o vídeo do panadeiro P para que lembredes a súa historia (https://youtu.be/EEIm-iTnB_w).

Os mércores imos traballar coa “caixa das letras”. Esta actividade consiste en que primeiro temos que buscar no noso fogar unha caixa de zapatos ou similar e decorala como máis nos guste. Cada semana esta caixa estará dedicada a unha letra.

Esta semana está dedicada a letra “P”, entón nun folio debuxamos a letra e pegámola na caixa, despois teñen que buscar cousas ou obxectos que comezan por esa letra e metelas na caixa.

Eu xa fixen a miña caixa da letra “P” (paraugas, plátano, pipas, pito, pegamento, etc). Envíovos a miña foto e estou á espera das vosas fotos..



Receita: non todo é facer fichas hoxe tócanos poñernos a cociñar. Propóño-vos facer unha receita moi especial, é un polbo con forma de pizza. Espero que vos guste.



Especialistas: recordaros que os mércores visítanos o mestre de relixión (José Ramón) e os xoves a mestra de lingua estranxeira (Noelia), non esquezades de realizar algunhas das actividades que eles vos propoñen. Os alumn@s que non traballan co mestre de relixión poden acceder ás actividades que se atopan na marxe dereita no apartado de alternativa.

The screenshot shows a Moodle course page for 'Entenza'. The main content area contains a message in pink text: 'Oia familias: Aquí estou de novo como todos os mércores, con novas actividades para estes días (espero que vos gusten). Lémbrovos que o venres non imos publicar ningunha proposta porque é día festivo e o luns tampouco porque é día non lectivo no noso centro. Gozade moito da fin de semana!!! Mándovos un bico enorme!!!'. Below this is a section titled 'OS NOSOS TRABALLOS' with blue text: 'Moitas grazas polas vosas fotos Noa e Ana!!! Estades traballando moito!!! Mándovos moitos bicos!!!'. On the right side, there is a sidebar with two sections: 'As nosas aulas' and 'ESPECIALIDADES'. The 'ESPECIALIDADES' section has a list of subjects with radio buttons next to them: Alternativa, Apoio, Educación musical, Educación Física, Educación Religiosa, Inglés, Orientación, Audición e linguaxe, and Pedagogía terapéutica. Three black arrows point from the right towards the 'ESPECIALIDADES' section, specifically highlighting the 'Alternativa', 'Educación Religiosa', and 'Inglés' options.

Conto: a miña proposta de hoxe é mirar o conto “Chocolata” da editorial OQO (<https://youtu.be/AszcpKy3yfl>). Ao rematar podedes facer un debuxo (deixo o modelo no outro documento).